

**PROGRAMACIÓN**

**DEPARTAMENTO DE  
EDLG**

**CPI ATIOS**



**CPI de ATIOS  
Valdoviño**

**CURSO 2023 - 2024**

1. Introducción.....	2
1.1. Composición do Departamento.....	3
1.2. Marco Normativo.....	4
2. Obxectivos .....	4
2.1. Obxectivos xerais.....	4
2.2. Obxectivos específicos.....	5
3. Actividades .....	5
3.1. Relación de actividades previstas .....	6
4. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación .....	8

## 1. Introducción

O CPI Atios está situado no Concello de Valdoviño (A Coruña). Ao tratarse dun CPI, integra nun mesmo espazo tres etapas educativas, o que tentaremos aproveitar de xeito positivo para o desenvolvemento deste proxecto con respecto ao ano escolar, cunha visión máis ampla cara á planificación lingüística do Centro.

A relación do alumnado matriculado nas diferentes etapas educativas é a seguinte:

- Educación Infantil: 67
- Educación Primaria: 248
- Educación Secundaria: 187

TOTAL: 502

Debido á dispersión xeográfica do Concello de Valdoviño, a meirande parte do noso alumnado ten que utilizar transporte para achegarse ao CPI.

O equipo docente está conformado por un total de 50 profesionais. O centro conta ademais con 6 persoas de persoal non docente: un conserxe, unha administrativa, catro traballadoras na cociña, e unha coidadora, así como con outros membros de persoal colaborador para o comedor, cafetería e actividades extraescolares.

O noso centro está integrado nun contorno sociolingüístico galego falante entre a xente maior, que se percibe nunha boa fonética e no mantemento de estruturas morfosintácticas propias do galego así como o uso de moito léxico.

Despois de analizar o Proxecto lingüístico do Centro constatamos que o noso alumnado utiliza o castelán para a súa comunicación cotiá o que reverte na falla de mantemento xeracional na lingua galega.

Poderíamos dicir entón que estamos nun contorno galego falante entre as xeracións dos avós e avoas que manteñen unha actitude favorable cara o uso do galego aínda que dificultada cada vez máis pola presión social e pola falla de factores que favorezan a potenciación e a valoración da validez da lingua galega fronte a calquera outra e en calquera ámbito.

Respecto ao noso CPI, debemos engadir que o galego está presente non só como lingua administrativa e na documentación oficial do centro, senón que é lingua de uso de parte do persoal docente nas comunicacións orais, nunha alta porcentaxe das comunicacións académicas, nas ferramentas administrativas, tecnoloxías da información e comunicación e ocupa un amplo espazo dos recursos de lectura e consulta na biblioteca. A presenza do galego no persoal non docente é similar ao da comunidade docente.

Partindo da nosa realidade lingüística, recollida no Proxecto Sociolingüístico do Centro, marcámonos un ano máis como obxectivo prioritario incrementar os niveis de uso do galego, fomentando especialmente a lingua oral, a súa valoración positiva e a súa recuperación, tentando utilizalo en calquera tipo de contexto, non só no ámbito académico senón tamén lúdico, formal e informal.

## **1.1. Composición do Departamento**

### **Profesorado**

Yolanda Allegue Chao (EI), Blanca Riveira Roca (EP), Genoveva Romero Crego (EP), Antonio Rodríguez Rodríguez (EP), Mónica Ares Ameijide (ESO), Luísa Pita Rubido (ESO), M<sup>a</sup> Dolores Otero Mariñas (ESO), Daniel Agulló López (ESO).

### **Representante do ED**

M<sup>a</sup> José Ruán Serantes (Xefa de Estudos de Primaria)

### **Alumnado**

#### **1º ESO A**

Alejandro Blanco Pintos, Manuela Fraga Mesía, Jimena Freire Vega, Tomás García Pérez, Lucía Gómez Prados, Antía González Hermida, Yago González Ramos.

#### **1º ESO B**

Edurne Lamas Ramos, Mauro López Río, Iara López Rodríguez, Mireya Martínez Testa, César Ogando Fernández, Lidia Otero Quiza, Sabela Padín Díaz, Carmen Pita Alonso, Lía Pita Teijeiro, Xavi Prados Ponce, Antón Rodríguez Couce, Carolina Rodríguez Doce, Briana Rodríguez García, Alba Seco Casal, Paula Sónara Martínez, Brais Soto Álvarez.

#### **2º ESO A**

Mateo Bacorelle Veiga, David Barcia Pedre, Manuel Castrillón López, Graciela Estévez Somoano, Daniela Fernández van Egmond.

#### **2º ESO B**

Manuel Lamas Díaz, Irene Lema Fernández, Hugo López Doce, Eloi Pastoriza Grandal, Manuel Rodríguez Caneiro.

#### **3º ESO A**

Yeray Ameneiros Mateo, Alexia Aneiros Currás, Rodrigo Blanco Álvarez, Julián Bustabad Vázquez, Gabriel Díaz Corral, Milagros Fernández García, Uxía Gabeiras Castro,

Antía García Freire, María Gerpe Amado, Arantxa Gómez Hermida, María João Henriques Teixeira, Melany Zamorano Serna.

### **3º ESO B**

Antía Martínez Graña, Laura Panceiras Padín, Antonella Panizza Zuanella, Celia Prados Ponce, Paula Rodríguez Monje, Marta Sanmartín Veiga.

### **3º ESO C**

Andrea Penín Fojo, Marta Chans Gómez.

### **4º ESO A**

Carlos Álvarez Caneiro, Daniel Blanco López, Carlota Casas Calvo, Sabela Castro Ruiz, Carla Díaz Mella, Irene García Martínez, Aldara García Pérez, Estela Gómez Calvo, Alba González Prieto, Blanca Hervada López, David Naveiras Ramos, Esmeralda Pita dos Santos, Manuel Santalla Ramos, Hugo Vigo Vázquez.

### **4º ESO B**

Loaira Barbeito Rojas, Lucía Cadarso Castro, Lucía Castro García, Laura Margarida Dias Rodrigues, Iker Fortuna Rivas, Andrea Fustes Lago, Freddy García Núñez, Zenobie García Núñez, Óscar Martín López, Iván Ogando Fernández, Amalia Pena Bustabad, Sara Quiza López.

**Persoal non docente:** Juan Sánchez Balsa (Conserxería)

**Xefatura de departamento:** Vanessa Pita Santalla

## **1.2. Marco Normativo**

Constitución Española, aprobada no ano 1978, artigo 3º.

Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado no 1980, título primeiro, artigo 5º.

Lei de normalización lingüística (1983).

Plan Xeral de Normalización Lingüística, aprobado o 22 de setembro de 2004.

Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

## **2. Obxectivos**

### **2.1. Obxectivos xerais**

- Aplicar á situación do centro os principios xerais que se recollen no Plan xeral de

normalización da lingua galega (PXNLG).

- Contribuír á eliminación de prexuízos ou trabas lingüísticas, en calquera situación.
- Prestixiar o galego como lingua vehicular, instrumento indispensable da nosa cultura.
- Fomentar a consideración da diversidade lingüística como un dereito e unha bagaxe cultural imprescindible para o desenvolvemento persoal dos cidadáns.
- Potenciar o uso do galego no contorno educativo, especialmente nas TIC.
- Investigar e promover novas alternativas á formación tradicional.
- Diseñar, planificar e implantar actividades, utilizando as novas tecnoloxías, creando un clima positivo de participación do alumnado, do profesorado, das familias e de posibles entidades colaboradoras, transmitindo unha imaxe innovadora e moderna do centro.

## 2.2. Obxectivos específicos

- Coñecer o tema que sexa proposto para o proxecto anual e traballalo dende a lingua galega.
- Garantir a presenza da lingua galega como medio de comunicación, nas materias de uso obrigado e no Plan Lector do Centro.
- Utilizar a lingua galega nas actividades extraescolares e complementarias que o centro organiza.
- Facilitar material en lingua galega para os distintos Departamentos.
- Realizar actividades que utilicen a lingua galega como ferramenta de comunicación e impliquen actuacións de carácter interdisciplinar.
- Facilitar, tanto ao profesorado como ao alumnado, o acceso ás Tic que fomenten o uso correcto da lingua e melloren así a súa valoración positiva.
- Pór a disposición da Comunidade Educativa as posibilidades que internet ofrece en recursos lingüísticos, culturais, educativos ...
- Fomentar actividades que impliquen a participación activa do profesorado, do alumnado e das familias.
- Continuar coa colaboración en materia sociolingüística co noso concello.
- Establecer relacións en materia sociolingüística con outras institucións relacionadas, dalgún xeito, co centro.

## 3. Actividades

Seguindo a planificación dos cursos anteriores, os nosos obxectivos van encamiñados a atender as necesidades de dinamización da nosa lingua con todos os compoñentes da

realidade sociolingüística da contorna do centro, dando prioridade á Comunidade Educativa.

Posteriormente ampliaremos ao resto do medio, Concello e AVV, conscientes da relación de interdependencia que todos os membros sociais supoñen nun proxecto de dinamización dun idioma.

As relacións interdisciplinares e cos distintos equipos de traballo do centro, especialmente coa Biblioteca e co Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares, terán especial importancia.

Entre todas organizaremos diversos tipos de actividades onde poidan participar os diferentes equipos de traballo do centro, os Departamentos, as familias do noso alumnado e os diferentes estamentos sociais relacionados co CPI de Atios.

### **3.1. Relación de actividades previstas**

Debemos ter en conta que a organización destas actividades e actuacións está suxeita ao desenvolvemento do ano escolar, pois debe adaptarse ás posibilidades que se poidan dar, así como ás novas iniciativas que vaian xurdindo.

Celebraranse as distintas efemérides ao longo do curso en colaboración co Departamento de Actividades Extraescolares e Complementarias e o Equipo da Biblioteca, así como con outros equipos de traballo e os Departamentos do centro.

As actividades fixaranse a medida que avance o ano escolar e xirarán arredor do Proxecto anual de centro: Os paxaros.

- Investigacións e proxectos interdisciplinares sobre o tema escollido para o Proxecto Anual de centro como ferramenta para expresar e comunicar aquilo no que estivemos a traballar co alumnado das diferentes etapas educativas. Coas diferentes producións faranse exposicións na páxina web, e nos corredores do centro e outros espazos físicos; as nenas e nenos darán leccións maxistras do alumnado para as compañeiras e compañeiros dos outros niveis e etapas educativas; editaranse vídeos que se colgarán na canle de *Atios TV* ou publicaranse trípticos.

- “First Lego League”. Obradoiros de robótica dende o mes de outubro coa finalidade de aprender a manexar os robots e poder participar un ano máis na liga.

- Exposicións, leccións maxistras ou conferencias a cargo de expertos, desenvoltos durante todo o ano e relacionados cos proxectos de cada nivel educativo.

- Actividades de reciclaxe: plásticos (coa colaboración de Coge3), tapóns, papel, aluminio, material escolar de escritura (rotuladores, Típlex), cartuchos de impresora, pilas ... Estas actividades organizaranse repartidas nas distintas etapas educativas.

- Bo día Atios! Recibirase cada día as persoas do centro con pezas musicais escollidas pola comunidade, pero tamén polo EDLG, para que sexa unha escolla equilibrada, na que haxa tamén música en galego.

- Festa do Magosto e o Samaín (outubro - novembro), onde lembraremos refráns, lendas e contos de medo así como os xogos tradicionais da buxaina e das bólas. Na semana do San Martiño o profesorado de Educación Física recuperará con todo o alumnado o baile dos distintos tipos de peóns que iniciamos nos cursos anteriores e aprenderá aos pequenos e pequenas os distintos xogos das bólas. A profesora de E. Musical de EI e EP repasará as cancións de outono, Magosto, Samaín e a da Buxaina Brincadeira.

- Día contra a violencia de xénero (25 de novembro).

- Mes da Ciencia en galego, con charlas para o alumnado e actividades prácticas relacionadas coa ciencia.

- “Achega 1 kg + ”, en colaboración cos Servizos Sociais do Concello de Valdoviño.

- Cinema en galego, para todo o alumnado. Actividade organizada pola CENLF de Ferrolterra, se este curso se retoma.

- Nadal: concurso de tarxetas e Festival de aninovo virtual ou presencial.

- Día da Paz (30 de xaneiro).

- Cartas de amor e amizade (febreiro).

- X Certame Literario de microrrelato e micropoesía Carmela Loureiro, actividade organizada pola CENLF de Ferrolterra.

- Festa do Entroido: coplas e festival ( febreiro).

- 23 de febreiro. Día de Rosalía, realizando distintas actividades para homenaxear á nosa escritora.

- Día Internacional das Mulleres (marzo).

- “Poesía e Imaxe”. Todo o alumnado do Centro participará na mostra anual que organiza o CENLF de Ferrolterra, con poemas de países lusofalantes ou con fragmentos da obra da autora homenaxeada nas Letras Galegas 2024.

- Semana do libro (abril), dedicada a un escritor ou escritora de Valdoviño ou arredores.

- Día da saúde. Realizaranse actividades que estean relacionadas coa saúde e á vez, coa nosa cultura, como pode ser a andaina a Santo André de Teixido.

- “A Mocidade coa Lingua”, onde un grupo musical do centro interpretará unha composición propia e un poema musicado de autoría coñecida. Actividade organizada pola



CENLF de Ferrolterra.

- Festa dos Maios (maio).
- Letras galegas (maio). Homenaxearemos a figura e obra de Luisa Villalta Gómez e farase un acto específico para celebrar a importancia da nosa lingua galega.
- Teatro con G. O alumnado de EP preparará obras de teatro para participar no Concello de Ferrol no citado ciclo teatral organizado polo CENLF de Ferrolterra.
- Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil do Concello de Valdoviño (maio ou xuño).
- "Venres gastronómicos", en colaboración co equipo do Comedor escolar: as actividades durarán todo o curso escolar e xirarán arredor do proxecto anual de centro.
- Día do medio ambiente. A través de actividades de sensibilización sobre o noso medio.
- Mes da diversidade. Con actividades enfocadas a eliminar os prexuízos sobre as distintas relacións afectivo - sexuais.
- Festa de Fin de curso (xuño).

Ademais seguiremos a fomentar o uso das TIC, actualizando as aulas virtuais dos distintos niveis e a páxina do centro conforme sexa necesario e continuaremos coas emisións de *Atios TV*, a nosa canle de televisión en Youtube. Asemade faremos as publicacións oportunas nas redes sociais de Twitter, Facebook e Instagram.

Por outra banda, participaremos en obradoiros literarios, artísticos e de sociolingüística. Con tal finalidade traeranse ao centro autoras/es contemporáneos para os diferentes niveis do alumnado para incrementar a súa competencia lingüística e creativa, axudando deste xeito a fomentar a lectura.

Tamén asistiremos a obras de teatro ou concertos de música de solistas ou grupos galegos de música actual ou tradicional que se vaian organizando ao longo do ano escolar e que nos parezan de interese para fomentar e activar a presenza da lingua e a súa valoración por parte do noso alumnado.

En canto ás actividades do Plan Lector, o noso equipo participará nos distintos proxectos que se propoñan desde a Biblioteca, colaborando co que se demande en cada momento.

#### **4. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación**

Para a elaboración e desenvolvemento do noso proxecto anual tentaremos atender aos seguintes criterios:

- Lograr o contacto e a valoración do traballo en prol da normalización lingüística por parte de boa parte da comunidade escolar.

- Desactivar os prexuízos lingüísticos cara ao galego en toda a Comunidade Educativa e, na medida do posible, na contorna do CPI Atios.

- Contar coa participación activa e compromiso en especial do noso alumnado, pero tamén doutros membros da comunidade, no traballo do equipo.

- Dotar á Comunidade Educativa de novos recursos (materiais ou de coñecemento) que poidan servirle ademais para ampliar o seu contacto coa lingua e cultura e dean unha visión da lingua como un código propio e oficial en Galiza.

Dependendo do grao de consecución dos citados criterios e da evolución e logro de obxectivos, así como do desenvolvemento gradual do proxecto, tentaremos adaptar o traballo e deixar constancia para os vindeiros anos, para poder contribuír á elaboración da planificación sociolingüística de Centro.